



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Deseño. planificación e avaliación de propostas didácticas de tecnoloxía na educación secundaria		Código	652602222
Titulación	2 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Tecnoloxía			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Anta Fernandez, Maria Del Pilar	Correo electrónico	pilar.anta@udc.es	
Profesorado	Anta Fernandez, Maria Del Pilar	Correo electrónico	pilar.anta@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>Esta materia ten un carácter integral no sentido de integrar as aprendizaxes desenvolvidas nos módulos de Tecnoloxía para o profesorado de educación secundaria obrigatoria, Tecnoloxía para o profesorado de bacharelato e didáctica da Tecnoloxía na educación secundaria.</p> <p>Durante o seu desenvolvemento trataremos de achegarnos ás estratexias de Deseño de unidades de traballo e a autoavaliación das mesmas, para buscar a mellora continua do proceso de ensino-aprendizaxe. Ao tempo que nos aproximamos á dinámica dos métodos de traballo, aprofundando nos curriculums das distintas materias que integran a especialidade, traballando con recursos didácticos e técnicos propios das áreas tecnolóxicas e buscando métodos de organización racional destes dentro da aula-taller.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Proponer e elaborar propostas de intervención na aula para os distintos niveis e materias, transformando os curriculums vixentes en programacións de actividades de traballo.	AP20 AP22 AP25 AP27		CM3 CM7
Coñecer e valorar a importancia de todos os elementos curriculares que deben formar parte da programación do departamento de Tecnoloxía.			CM7
Valorar a importancia dos contidos procedimentais dentro da área de Tecnoloxía e reflectilo na proposta de unidades de traballo.			CM3 CM7
Aplicar metodoloxías diversas no deseño de unidades didácticas, afastándose do modelo tradicional de rofesor transmisor de coñecemento, e buscando que o alumno sexa o construtor do seu propio aprendizaxe.	AP20 AP23 AP27		CM3 CM7



Integrar significativamente o uso das novas tecnoloxías no deseño das unidades didácticas, empregando novas metodoloxías que convirían ao alumno en construtor do seu propio coñecemento, de xeito que se poda falar de TAC e non só de TIC.	AP20 AP23		CM3 CM7
Coñecer estratexias e procedementos de avaliación, entendendo esta coma un proceso integrado no proceso de E-A, buscando a avaliación do proceso e non do resultado e integralas nas súas propostas de traballo na aula.	AP20		CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
O curriculum oficial	ESO Bacharelato
Análise de propostas didácticas xa elaboradas	a selección de contidos a formulación e secuencia de obxectivos a metodoloxía de ensino aprendizaxe o deseño de actividades as estratexias de avaliación
Propostas didácticas para o ensino da Tecnoloxía.	Deseño Planificación Avaliación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A19	2	0	2
Foro virtual	A23 A25 C3 C7	1	2	3
Proba obxectiva	A18 A20 A21 A22 A24 A25 A27	2	8	10
Traballos tutelados	A15 A18 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A27 C3 C7	15	60	75
Lecturas	A15 A18 A19 A24 C7	1	4	5
Estudo de casos	C7	1	4	5
Atención personalizada		0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividade para levar a cabo na aula en dúas fases diferenciadas: En primeiro lugar mediante unha discusión guiada polo docente, para coñecer os coñecementos previos, interese e motivación do alumnado cara á asignatura. Posteriormente daranse a coñecer os obxectivos e forma de traballo na mesma.
Foro virtual	Espazo de comunicación entre alumnado e docente, para aclarar dúbidas e propoñer temas a debate para o estudo de casos e compartir artigos sobre os temas de estudo.
Proba obxectiva	Para o contraste entre o realizado na aula e os coñecementos adquiridos. Consistirá no deseño de pequenas propostas de ensino-aprendizaxe.



Traballos tutelados	<p>Traballo individual que consistirá no deseño dunha Unidade Didáctica que cumpra os seguintes requisitos:</p> <p>? A METODOLOXÍA EMPREGADA NON PODERÁ SEGUIR EN NINGÚN CASO O MODELO DE PROFESOR TRANSMISOR DE COÑECEMENTO, SENDO IMPRESCINDIBLE DARLLE AO ALUMNO O PAPEL PROTAGONISTA E CONVERTÍNDOO EN CONSTRUTOR DO SEU PROPIO COÑECEMENTO.</p> <p>? ADEMAIS DO ÍNDICE PAXINADO INCLUIRÁ OS SEGUINTES APARTADOS:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificación, introdución, contextualización e xustificación da Unidade.</li> <li>2. Vinculación co curriculum da materia.</li> <li>3. Procedementos para realizar a avaliación inicial</li> <li>4. Deseño de obxectivos.</li> <li>5. Estandares de aprendizaxe.</li> <li>5. Contribución ao logro das competencias clave.</li> <li>6. Secuencia de contidos, estruturada nos eixes: concpetuais, procedimentais e actitudinais.</li> <li>7. Metodoloxía didáctica especificando e xustificando o rol do docente e do alumnado.</li> <li>8. Deseño de actividades de ensino-aprendizaxe temporalizadas, incluíndo as de reforzo e de ampliación, e as adaptacións curriculares.</li> <li>9. Recursos materiais e espazos.</li> <li>10. Criterios de avaliación en relación ás competencias básicas. Mínimos esixibles.</li> <li>11. Procedementos e instrumentos e avaliación.</li> <li>12. Criterios de cualificación</li> <li>13. Medidas de atención á diversidade.</li> <li>14. Contribución ao programa de educación en valores (transversais)</li> <li>15. Referencias bibliográficas e webgrafía</li> </ol> <p>? CADA APARTADO CONTARÁ COA SÚA CORRESPONDENTE INTRODUCCIÓN</p> <p>? REALIZARASE MAIORITARIAMENTE AO LONGO DAS SESIÓNS, DURANTE AS QUE SE COMENTARÁN OS PROBLEMAS E PROGRESOS NA ELABORACIÓN DAS MESMAS. NON SENDO VALORADA NINGUNHA UNIDADE ENTREGADA QUE NON FOSE TORIZADA DÚAS VECES POLA DOCENTE. DITA TORIZACIÓN REALIZARASE SOBRE APARTADOS COMPLETOS E NON SOBRE ESQUEMAS DA UD.</p> <p>? A EXTENSIÓN DO TRABALLO SERÁ DE 30 PÁXINAS MÁXIMO E 15 PÁXINAS MÍNIMO EN DIN A4, IMPRESAS EN ARIAL 11 A DOBRE ESPAZO E MARXES A 2 CM, EN FORMATO WORD E PDF.</p> <p>? ENTREGARASE A TRAVÉS DO CURSO MOODLE CORRESPONDENTE Á ASIGNATURA</p> <p>RECOMÉNDASE BASEARSE NO CONTEXTO DO PRÁCTICUM E INTEGRAR O PROXECTO E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO MÓDULO DE DIDÁCTICA DA TECNOLOXÍA, ASÍ COMO CALQUERA ACTIVIDADE REALIZADA EN MÓDULOS ANTERIORES</p>
Lecturas	Busca de información e lectura de material bibliográfico para a realización dos traballos tutelados.
Estudo de casos	Programacións de aula xa elaboradas e postas en práctica en contextos reais. Servirá de información para a realización dos traballos tutelados.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Traballos tutelados Lecturas Estudo de casos	<p>MODALIDADE PRESENCIAL</p> <p>Seguimento e fomento da participación activa do alumnado na dinámica de aula.</p> <p>Resolución de dúbidas do, a través de titorías presenciais previamente solicitadas, ou virtualmente, a través do correo electrónico e foros na aula virtual.</p> <p>Seguimento da aprendizaxe evolutiva do alumnado en función das súas características persoais.</p> <p>ALUMNADO CON RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA</p> <p>Debido ás características do curso non se plantea esta posibilidade.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Foro virtual	A23 A25 C3 C7	<p>Participación nos foros virtuais establecidos ao longo do curso.</p> <p>Valorarase, por un lado, a participación individual para:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. a presentación de dúbidas ou comentarios persoais sobre o deseño da UD ou o curriculum</li> <li>2. aportación de artigos relacionados coa temática</li> </ol> <p>e por outra banda a colaboración no grupo de cara a axudar aos compañeiros. Tendo cada parte, persoal e cooperativa un 50% de peso na cualificación final.</p>	10
Proba obxectiva	A18 A20 A21 A22 A24 A25 A27	<p>Proba escrita individual na que se avaliará o coñecemento dos distintos elementos curriculares e a súa concreción en propostas de ensino aprendizaxe.</p>	30
Traballos tutelados	A15 A18 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A27 C3 C7	<p>Traballo individual tutelado de deseño dunha Unidade Didáctica das materias de Tecnoloxía da ESO ou do Bacharelato. (non se admitirá de ningunha outra materia)</p> <p>Os requisitos mínimos para obter unha cualificación positiva son:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. contemplar significativamente os 16 apartados especificados</li> <li>2. non empregar unha metodoloxía de profesor transmisor do coñecemento</li> <li>3. integrar significativamente as TIC</li> <li>4. estar temporalizada para un mínimo de 8 sesión</li> <li>5. debe estar tutorizada pola docente de xeito que se realicen, alomenos, dúas revisións por esta antes da súa entrega definitiva. Non se avaliarán as UD que non fosen revisadas previamente pola docente. As revisións realizaranse sobre apartados completos, non sobre esquemas da UD.</li> <li>6. empregar os curriculumns vixentes no momento de realización da mesma</li> <li>7. os contidos incluídos no traballo deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias empregando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as citadas normas e no parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. A presenza de fontes científicas no traballo é un signo de credibilidade imprescindible para demostrar excelencia académica.</li> <li>8. seguir o formato establecido</li> <li>9. ser entregado no prazo acordado na aula</li> </ol>	60

### Observacións avaliación



A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria.

Na primeira oportunidade a cualificación final será a media ponderada das notas dos tres traallos, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5).

Se o alumno non acadou o 80% de asistencia non se avaliará o traballo realizado ao longo do curso e a cualificación será a de non presentado.

O alumnado que na primeira oportunidade non obtivese unha cualificación final positiva (5) ou de non presentado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados que terá á súa disposición no curso correspondente de MOODLE.

A cualificación final da 2ª oportunidade a media aritmética da nota da proba escrita e as dos traballos presentados, sendo o requisito imprescindible obter o aprobado previo en ámbalas dúas partes.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Baigorri, J., Bachs, X. Cisneros, M.R. e González, L. (1997). Enseñar y aprender Tecnología en la educación secundaria. Barcelona: ICE Horsori</li><li>- López, R. (1998). La evaluación en el área de Tecnología. Educación Secundaria Obligatoria. Salamanca. Amaru</li><li>- Salinas, D. (2002). ¡Mañana examen! La evaluación. entre la teoría y la realidad. Barcelona: Graó</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tecnoloxía para profesorado de educación secundaria obrigatoria/652602211

Tecnoloxía para profesorado de bacharelato/652602212

Didáctica da tecnoloxía na educación secundaria/652602221

Didáctica. currículo e organización escolar/652602001

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Proxectos de innovación e investigación educativa en tecnoloxía/652602E31

### Materias que continúan o temario

Practicum/652602206

Traballo fin de Mestrado/652602207

## Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

